

2ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR (FPGIBGS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE MEDICINA PREDITIVA PERTENCENTE Á INFRAESTRUTURA DE MEDICINA DE PRECISIÓN ASOCIADA Á CIENCIA E Á TECNOLOXÍA (Programa Cohorte IMPaCT)

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, **don Antonio Gómez Caamaño** en calidade de conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, con domicilio no Edificio Administrativo de San Lázaro, avenida de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña) e CIF.: Q65500006H, en virtude das facultades que lle confiren o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como co que dispoñen os Decretos 144/2024 e 145/2024, de 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E, doutra parte, **don Francisco Javier Puente Prieto**, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, en virtude do seu cargo como titular da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo, segundo se establece no artigo 16.3 dos seus estatutos, e en virtude da aceptación expresa da presidencia, en data 29 de Setembro de 2020, do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, fundación inscrita co número 2002/17 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Sanidade.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir esta addenda, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Programa de Medicina Preditiva da Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e Tecnoloxía (proxecto Cohorte-IMPACT) é un estudo de investigación epidemiolóxica para comprender e mellorar a saúde da poboación española. O proxecto consiste en deseñar unha cohorte de base poboacional que permitirá explorar os determinantes sociais, ambientais e biolóxicos da saúde e as enfermidades de maior importancia en saúde pública no noso país, así como as condicións que representan os principais determinantes de saúde.

Trátase dunha cohorte prospectiva multipropósito, que está previsto que chegue aos 12.000 participantes na nosa comunidade autónoma, dos que 4.000 pertencerán á área sanitaria de Vigo. Estes participantes seguiranse con medicións e enquisas repetidas no tempo, durante 20 anos.

Está liderado polo CIBER (Consortio Centro de Investigación Biomédica en Rede), e no seu desenvolvemento están implicadas entidades dos Servizos de Saúde de todas as Comunidades e Cidades Autónomas, o Instituto Nacional de Estatística e, por suposto, todas as áreas temáticas do CIBER.

Segundo.- Que o Servizo Galego de Saúde e o CIBER suscribiron con data 9 de maio de 2022 o correspondente convenio, co obxecto de articular a relación entre ambos para a distribución dos fondos con ocasión da participación no Proxecto IMPACT de Medicina Preditiva, IMPACTCohorte (número de expediente IMP/00021) no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora segundo o Plan de Actuación do Programa.

Terceiro.- Que o proxecto desenvólvese na área sanitaria de Santiago de Compostela no centro de saúde Concepción Arenal, na área sanitaria de Vigo no centro de Saúde Bembrive e na área sanitaria de A Coruña no centro de saúde San José. Asináronse tres convenios idénticos coas tres fundacións públicas de investigación sanitaria (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (FPGIBGS) e Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC (FINIBIC)), para a realización das tarefas necesarias para o desenvolvemento do proxecto cada unha na área sanitaria do seu ámbito de actuación.

Cuarto.- Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (FPGIBGS) suscribiron con data 5 de outubro de 2023 o correspondente convenio, co obxecto de articular o desenvolvemento do Programa de Medicina Preditiva Cohorte IMPACT na área sanitaria de Vigo.

Quinto.- Que aínda que o período de execución establecido para o proxecto era do 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2023, a elevada complexidade do mesmo e de todos os trámites previos que houbo que realizar fixeron imposible o desenvolvemento do mesmo no período establecido.

Por isto o CIBER, como entidade beneficiaria da subvención do Instituto de Saúde Carlos III, solicitou unha ampliación do período de execución por dezoito meses, ata o 30 de xuño de 2025. a efectos de poder realizar as actividades previstas para a consecución dos obxectivos establecidos.

Sexto.- Que en base ao anterior, o Servizo Galego de Saúde e a FPGIBGS suscribiron unha addenda ao convenio con data 29 de decembro de 2023, na que se modificou o período de execución do proxecto ata o 30 de xuño de 2025, e outros aspectos afectados por esta modificación. Un destes aspectos foi facer un reaxuste dos fondos e facer unha nova distribución dos mesmos para os anos 2024 e 2025.

Sétimo.- Que segundo o establecido na cláusula décimo terceira do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a FPGIBGS, a vixencia do mesmo vai dende a data da súa sinatura ata o 31 de xullo de 2025.

Oitavo.- Que na cláusula décimo cuarta do convenio establécese que *"de acordo co establecido no artigo 49 g). da lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de, caso de ser necesario, adaptar os seus contidos e as obrigas das partes a efectos de poder realizar as actividades previstas para a consecución dos obxectivos establecidos. Igualmente, poderá ser modificado como consecuencia dos acordos que o Servizo Galego de Saúde e o CIBER poidan adoptar no marco da execución do convenio subscrito o 9 de maio de 2022 e que poidan repercutir no deseño ou modificación das actividades especificadas na cláusula segunda deste convenio.*

Así mesmo, as modificacións poderán afectar ao volume das actuacións a desenvolver pola FPGIBGS, ao seu prazo de execución ou a necesidades de financiación adicional das mesmas. En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá acordo das partes asinantes e formalizarse mediante a correspondente addenda."

Noveno.- Que rematou o período de execución do proxecto, o 30 de xuño de 2025.

Décimo.- Que aínda que os fondos achegados polo CIBER repartíronse equitativamente entre as tres fundacións públicas de investigación, o ritmo de execución das actuacións non foi igual en todas as áreas e en consecuencia tampouco os gastos son iguais en todas elas.

No caso da FPGIBGS, os gastos son maiores que o orzamento estimado inicialmente e no caso da

FINIBIC son menores.

Undécimo.- Que co obxecto de redistribuír os fondos en función das actuacións de cada unha das fundacións, faise necesario aumentar o financiamento para as actividades da FPGIBGS para a anualidade 2025, utilizando para iso os fondos non executados pola FINIBIC que renuncia expresamente a eles por acordo da comisión de seguimento do seu convenio, así como ampliar a o prazo de xustificación do proxecto.

Á vista de todo isto, as partes asinantes, na representación que ostentan, e recoñecéndose mutua capacidade, decidiron suscribir a presente addenda e

ACORDAN

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto da presente addenda:

1. A modificación da cláusula terceira do convenio ao que se refire esta addenda, que queda redactada nos seguintes termos:

"Terceira.- Condicións económicas de financiamento das axudas

*O Servizo Galego de Saúde financiará por un importe total de **cento vinte e catro mil cento noventa e oito euros con trece céntimos (124.198,13 €)** as actuacións necesarias para o desenvolvemento do proxecto con cargo á aplicación orzamentaria 5001.412B.481.00 do Servizo Galego de Saúde na cal existe crédito axeitado e suficiente.*

*Os fondos distribúense entre os anos 2024 e 2025 correspondendo setenta e oito mil novecentos noventa e nove euros con corenta e un céntimos (78.999,41 €) ao ano 2024 e **corenta e cinco mil cento noventa e oito euros con setenta e dous céntimos (45.198,72 €)** ao ano 2025.*

O importe total inclúe un 10% que corresponde a custos indirectos. Os custos indirectos non requiren xustificación e poden utilizarse nos conceptos que a entidade considere necesarios.

2. A modificación da cláusula quinta do convenio ao que se refire esta addenda, de modo que se amplía o prazo de xustificación do proxecto:

"Quinta. Período de execución da actividade e prazo de xustificación

*As actividades obxecto de axuda deben ser realizadas dentro do período comprendido entre o **05 de outubro de 2023 e o 30 de xuño de 2025**, sen prexuízo de que se poida modificar este período segundo o establecido na cláusula décimo cuarta.*

Consideraranse gastos subvencionables os indicados na cláusula sétima deste convenio.

O prazo de xustificación do proxecto terá como data final o 28 de xullo de 2025.

Segunda. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura da presente addenda leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

A presente addenda será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan a presente addenda no lugar expresado no encabezamento.

Polo **SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

Pola **Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur**

Asdo.: Antonio García Caamaño

Asdo.: Francisco Javier Puente Prieto